

E DÁLLE

Revista do alumnado do Ies Beade de Vigo
maio 2009



SUMARIO

Atenco	3
Voluntarios de Atenco	5
Aloia Galiñeiro	6
Baiona Panxón	7
Viaxe a Madrid	8
Visitamos Sotavento	9
Día dos Dereitos Humanos	10
Día da Paz	11
Cousas da vidaç	12
Bob Marley	13
Concerto de Sondeseu	16
As novas tecnoloxías	18
As Motoristas de Beade	19
As linguas suman	21
Fotos 2º Bacharelato	23
1º Premio día das letras galegas	25
Velada literario-musical	28
A Ribeira Sacra	29
Barcelona	31
Leonardo da Vinci	32
Entrevista a Leonardo	33
Rafting, magosto e Cíes	34
Humor	35
Premio para o Ies Beade	36

ATENCO SOMOS TODOS

Os exidatarios, xunto cos membros de FPDT realizan unha concentración en Texcoco para pedir a retirada da policía, e a raíz desta acción permíteselles vender flores algúns días sinalados, un deles é o 3 de Maio (festividade relixiosa no lugar). Pola contra, ese día a policía desaloxou violentamente aos floricultores e aos membros do FPDT que chegaran a instalarse no mercado.

Aínda que se intentou dar unha saída dialogada ao conflito, a carga policial foi brutal e unhas corenta persoas tiveron que refuxiarse nunha casa da localidade, xa que a resposta dun diálogo por parte das autoridades foi nula.

En solidariedade cos floricultores, varios membros do FPDT bloquean unha das principais estradas de Texcoco. É neste momento cando morre un neno de 14 anos: Javier Cortes, por un disparo de bala efectuado por un policía. É por isto polo que varios policías son retidos, aínda que poucas horas despois son liberados.

O día 4 de Maio, cerca das 6 da mañá, comeza un operativo policial de ingreso no pobo de Atenco,



no cal participan a policía municipal, estatal e federal. Rompen a porta principal da vivenda de Texcoco onde estaban refuxiad@s @s compañeir@s floricultor@s e o FPDT e acceden á casa, golpeando e detendo á xente para posteriormente trasladal@s aos cárceres; realízanse rexistros e detencións ilegais, mantendo á poboación durante todo o día no poboado, que se atopaba cercado.

En total, 207 persoas detidas, entre as que hai 9 menores e 5 estranxeiros (dúas delas eran mulleres españolas).

No traslado d@s detid@s, prodúcense graves violacións dos dereitos humanos en forma de tortura: cubríronlles a cara có fin de impedir a visión, propináronlles fortes golpes, gritáronlles constantemente desde o momento de detención, ameazáronos constantemente coa morte. Realizáronlles vexacións orais mentres sofren agresións físicas, tocamentos, ou ben violacións directas.


O saldo deste operativo, ata a o día de hoxe é de

13 compañeir@s escarcead@s, tres del@s, membros de FPDT, foron encadeados nun penal de máxima seguridade, e cinco extranxeir@s torturad@s e expulsad@s ilegalmente do país, co silencio dos seus gobernos: España, Alemaña e Chile.

Lembremos que por esta acción policial Javier Cortes morreu asasinado por un disparo da policía, e Alexis Benhumea, xoven universitario, morreu polo impacto dun cartucho de gas lacrimóxeno.

En resposta ás inxustas detencións de máis de 200 compañeir@s, o 4 de Maio de 2006 levantouse un campamento permanente de protesta (“plantón”) fronte ó cárcere onde aínda permanecen 10 compañeir@s pres@s.

“Atenco somos tod@s” é un colectivo que naceu dentro dunha comunidade en Madrid. Este colectivo viuse identificado c@s que sufriron a represión e a tortura en Atenco, e así emprenderon un camiño de conciencia sobre a guerra e sobre como nos está afectando aquí.



A raíz de convivir e traballar cunha das superviventes de Atenco, comezaron a rescatar as experiencias de moitas outras persoas e grupos e foron configurando a súa forma de loita contra o conflito.

Decidiron entón constituírse como un “grupo de apoio” para loitar contra a represión facendo a súa propia denuncia, non só xurídica senón política e social, da represión sobre os movementos de loita social, e facelo de forma colectiva, buscando a participación de tod@s nós.

Os obxectivos deste grupo son: liberar aos pres@s políticos pedindo xustiza pola represión levada a cabo pola policía; diferenciar aos “malos”, os seus obxectivos, e os medios que utilizan para conseguilos, sinalalos e facer cambear a súa impiedade; conseguir que o proxecto do grupo sexa un proceso de aprendizaxe e apoio mutuo entre outros colectivos e xentes aíns aos principios de súa loita; conseguir tamén achegarnos a tod@s nós para explicarnos a situación tanto política como social de rexión mexicana; traballar pola xustiza nun sentido máis complexo e completo, pola xustiza legal; denunciar a represión exercida sobre os movementos sociais e políticos, xa que esta denuncia só como colectiva ten sentido; e por último loitar por que as mulleres non sigan sendo botín de Guerra, xa que no primeiro semestre de 2004 foron asasinadas 203 mulleres en Chiapas, 106 no distrito Federal, 91 en Puebla, 95 en Sinaloa, 89 no Estado de México, 203 en Veracruz, 37 en Baja California Norte, e 33 en Morelos, ademais foron reportados 13 novos asasinatos contra mulleres en Ciudad Juárez.

Agora preguntarédesvos como acaba esta historia. Pois ben, esta historia acaba coa vosa colaboración, xa que non se poderá acabar coa represión dos pobos e dos seus cidadáns se non é coa axuda de tod@s, debemos solidarizarnos estre tod@s e poñer fin a esta e outras situacións similares, xa que todos temos o dereito de ser libres.

Andrea Portela Doval 2ºESO C

FALAMOS CON VOLUNTARIOS DE ATENCO

O pasado tivemos o pracer de recibir unha charla por parte de membros do colectivo “Atenco somos todas”. Este colectivo asambleario ten como fin principal divulgar o sucedido na cidade mexicana de S.Salvador de Atenco; para isto, xúntase coma grupo de apoio no que procuran buscar solucións para loitar contra a represión, a liberdade da muller, aprender, acercarse, e falar entre eles de maneira que todas (coma el@s prefiren dicir) sexamos líderes e partícipes; asemade, procuran como facer nosa unha denuncia a todos os niveis, tanto xurídico, político coma social dunha realidade inxusta... etc.



De izq a drta: Lorena (Stgo Compostela apoia organizacións zapatistas en Chiapas), unha alumna do centro, Charo (mexicana asamblearia de A.S.T., indímadrid, teatros, manifestacións culturais...), Ana Glez Cidras (profesora do centro), Mariana (mexicana A.S.T.), Manolo (vigués) e Irene (madrileña, A.S.T.)

Nunha charla divertida e moi, moi dinámica propuxéronnos diferentes actividades (vimos o documental “o proxecto de Milgram”, xogos de preguntas, imaxes da loita en Atenco....) ata chegar a un debate sobre a autoridade no que nós mesmos deberiamos chegar á nosa propia conclusión sobre a sumisión a esta, o cuestionamento da verdadeira necesidade dun líder, a influencia dos medios de comunicación en todos os ámbitos e cal é a medida na que pensamos por nós mesmos ou nos impoñen as cousas, pois non só impón o goberno, o tirano ou o ditador, senón que dunha maneira tan sutil e dixeríbel para a xente os medios de comunicación chegan a escoller por nós para que o aceptemos tal cal...entre outras cousas...

Para máis información sobre o colectivo ou sobre o sucedido en Atenco podedes visitar:

[Http://mujeressinmiedo.blogspot.com/](http://mujeressinmiedo.blogspot.com/) (colectivo e espectáculo que loita pola liberdade inmediata dos pres@s polític@s detid@s en S. Salvador de Atenco)
Amanda Bugarín Palmieri 2º
Bac. D



MONTE ALOIA-GALIÑEIRO

O martes día 19 de maio, todos os grupos de 2º da ESO saímos de excursión.

O autobús deixounos no monte Aloia ás nove e media da mañá, aproximadamente. Ía frío, así que axiña comezamos a camiñar. Primeiro, subimos ata o miradoiro, dende donde disfrutamos das fermosas vistas: o río Miño, dunha beira nós e da outra Portugal.

Tras uns minutos facendo fotos, reanudamos a marcha. Camiñamos a través da serra do Galiñeiro, guiándonos polas caracterísitas sinais de liñas paralelas, unha amarela e a outra branca. Tras unha baixada por un sendeiro húmido e verde, no que inevitablemente houbo algúen que esvarou, comezamos a ascender por outro camiño máis amplo. Ao final desta costa agardábanos un terreo chancunhas pedras que enseguida utilizamos como o asento. Logo duns minutos de descanso, de novo facendo fotos da fermosa paisaxe –rodeados polo verdor dos montes– continuamos o noso camiño. Chegamos a divisar algunhas cabras montesas, cabalos... e tamén paxaros. A natureza en todo o seu esplendor.

Subimos, baixamos, seguimos camiños chans, zonas rochosas... de vez en cando un descansión para recuperar os folgos e o ánimo.

Preto das doce detivémonos nun merendeiro, onde tomamos un adianto da comida e descansamos durante unha hora. A partir de entón, a calor fíxose máis intensa (era a unha do mediodía), e as costas cara arriba semellaban eternas. As moscas tamén eran algo molestas, pero no fondo todo foi moi divertido. Tras algunhas subidas e unha pista de terra, chegamos ao Galiñeiro. Ascendemos por un sendeiro ata chegar ao refuxio de montañeiros. Alí, por fin, paramos a comer. Sería todo perfecto, en compañía dos amigos, comendo e descansando despois da longa camiñata (algúns falaban de oito

quilómetros, outros de quince, e a maioría de dez). Pero, como nada é perfecto, vímonos obrigados a “gozar” da compañía dos mosquitos. Dicir que había moitos é quedar curta... había moitísimos. Pero, no fondo, rematamos por acostumarnos.

Logo da comida, o grupo dividiuse en dous: os que queriamos subir ata a cima do Galiñeiro e os que preferían quedar abaixo, nunha área de descanso.

A subida foi esgotadora, todo hai que dicilo. O Galiñeiro ten 705 m. de altitude, aínda que se tes que subilos a pé a pleno sol, semellan máis.

Aínda así, todos coincidimos en que a subida mereceu a pena:



Desde o cumio pudimos disfrutar duhas fantásticas vistas, entre as que destacaba o encoro de Zamáns.

Tras un bo rato disfrutando do aire fresco e das vistas, e tamén recuperando forzas, iniciamos o descenso. Non foi tan agotador como a subida, pero sí máis perigoso, pois o risco de esvarar aumentaba (eu esvarei e fixen unha escordadura no nocello, e

cando chegamos a unha zona apta para coches tiveron que levarme en coche ata o bar ao que iría a buscarnos o autobús). Os demais reuníronse

cos que quedarán abaixo e, tras un rato alí, baixaron tamén ata o bar VINCIOS, onde o autobús nos recolleu para deixarnos de novo no instituto.

En definitiva, foi unha excursión agotadora pero moi bonita e divertida, e eu non dubido en repetila cando sexa posible.



SENDEIRISMO BAIONA-PANXÓN



O día 19 de maio fixemos unha ruta de sendeirismo entre Baiona e Panxón.

A saída foi as oito e media da mañá dende o instituto. Fomos ata ao castelo de Baiona en bus, e dende alí fomos camiñando arredor do castelo e despois polo paseo. A paisaxe marítima foi moi fermosa e ademais, por sorte, non ia demasiada calor.

Rematamos o paseo na ponte románica (s.XII) da Ramallosa, onde paramos para comer e descansar un pouco. A continuación, reemprendemos a marcha cara a praia América, onde estivemos arredor dunha hora aproximadamente. Os rapaces xogando ao fútbol e algúns ata decidiron darse un baño no mar, aínda que a auga estaba moi fría. En fin, foi unha boa saída de sendeirismo aínda que só fora pola mañá.



María Fernández Ferreira 3 ESO B

VIAXE A MADRID

Non hai nada mellor que unha excursión para descansar dos estudos uns días, para iso o día 21 de Abril comezamos a nosa aventura cara a capital. O primeiro día en Madrid realizouse o reparto de habitacións e visitamos o Museo Reina Sofia, nel puidemos ver a espectacular e coñecida mundialmente obra de Picasso, o “ O Guernica”, que ten unhas dimensións enormes. O segundo día visitamos o museo do Prado , este museo goza de gran sona e ao ir velo dáste conta do porqué. Nel atópanse os mellores cadros, podes atopar cadros de Velásquez, Goya, Murillo, Rubens, todos coñecidos por nós , xa que moitos adoitan aparecer nos libros de historia. Na miña opinión o Prado foi a mellor visita que fixemos nos tres días. A tarde dese mesmo día deixárona libre,algúns optaron por percorrer o enorme e fermoso parque do Retiro, onde cada rincón tiña algo diferente; outros para percorrer as grandes e transitadas

rúas de Madrid, entre elas a coñecida Gran Vía repleta de carteis de musicais; algúns foron á Porta do Sol , onde os españois viaxamos a través do televisor cada 31 de Decembro; a Porta e Alcalá ou o maxestoso Palacio de Cibeles.

O terceiro día tiñamos planeado a visita ao Escorial, pero tivemos a mala sorte de non poder pasar; polo menos puidemos ver por fóra a que fora residencia de Felipe II. Os profesores decidiron levarnos a Segovia, a visita estivo ben grazas á visita ao acueducto que ten a cidade. O único que puido parecermos un pouco pesado foi a longa viaxe en autobús, aínda que faciamos paradas. Non hai mellor despedida para os alumnos de bacharelato, neste caso os de segundo, que unha excursión na cal estás vinte e catro horas cos teus amigos, xa que a partir de agora as nosas vidas van seguir camiños diferentes; pero isto nunca se esquecerá.

Beatriz Costas Parada 2º bac.D



VIAXAMOS A SOTAVENTO

O Martes trinta e un de Marzo, todos os terceiros da E.S.O fomos de excursión a Sotavento.

Ás oito e media, saímos do instituto e marchamos cara o autobús, que nos levaría ao noso destino, Sotavento, unha central eólica experimental cuxa función é experimentar coas enerxías renovables, especialmente co vento. Sotavento está situado xusto entre Lugo e Coruña, en concreto na Serra da Loba, polo que o traxecto en autobús fíxosenos un pouco longo (3 horas).

Cando por fin chegamos, como non, ía un vento de medo.

Nada máis chegar, déronnos unha pequena charla sobre as enerxías renovables, e acto seguido, tras facer grupos, marchamos cada grupo cun monitor, os monitores que por certo, eran moi agradables, guiáronnos polo museo e faláronnos de Sotavento e das súas funcións, ademais das enerxías renovables coas que investigaban.

Despois disto, chegou a hora do xantar. Ao rematar de xantar formamos grupos aínda máis pequenos e fixemos unha especie de concurso que consistía en contestar unha serie de preguntas nun tempo récord, sen facer trampa e buscando as respostas polo museo. O meu equipo foi o gañador e déronnos unha camiseta.

Por último, leváronnos a un dos aeroxeradores, entramos dentro e explicáronnos as súas partes.

A volta en autobús xa foi máis amena e fíxosenos máis breve. Resumindo, foi unha moi boa excursión.





DÍA DOS DEREITOS HUMANOS

Día 10 de Decembro do 2008.

Sabedes que son os dereitos humanos?

Os dereitos humanos é un documento escrito o 10 de Decembro de 1948. Consta de 30 artigos, grazas os cales inténtase facer que o mundo sexa xusto e feliz.

Os artigos:

Artigo 1

Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e dereitos e, dotados como están de razón e conciencia, deben comportarse fraternalmente os uns cos outros.

Artigo 2

1. Toda persoa ten todos os dereitos e liberdades proclamados nesta Declaración, sen distinción algunha de raza, cor, sexo, idioma, relixión, opinión política ou de calquera outra índole, orixe nacional ou social, posición económica, nacemento ou calquera outra condición.

2. Ademais, non se fará distinción algunha fundada na condición política, xurídica ou internacional do país ou territorio de cuia xurisdición dependa unha persoa, tanto se se trata dun país independente, como dun territorio baixo administración fiduciaria, na autónoma ou sometida a calquera outra limitación de soberanía.

Artigo 3


Todo individuo ten dereito á vida, á liberdade e á seguridade da súa persoa.

Artigo 4

Ninguén estará sometido a escravitude nin a servidume, a escravitude e a trata de escravos están prohibidas en todas as súas formas.

Artigo 5

Ninguén será sometido a torturas nin a penas ou tratos crueis, inhumanos ou degradantes.



Sabedes o que se fixo no noso instituto?

O día 10 de Decembro de 2008, os cursos de 2º exsiviron uns carteis realizados por eles mesmos, que colgaron nas paredes do edificio para que todos puidesen percibir a súa arte.

Nesta imaxe pódense observar os alumnos de 2ºD facendo un dos seus murais.

Este é un dos murais xa rematados, cun texto que di: "Todos somos responsables do que ocorre no mundo"



DIA DA PAZ

Día 30 de Xaneiro do 2009

O Día da Paz é un día no que todos nós debemos recordar as traxedias que acontecen no mundo, por iso o noso instituto fixo un mural e un acto simbólico. Este acto foi pensado e realizado por unha das profesoras de filosofía e cidadanía, Ana Cidrás. Tamén debemos destacar aos alumnos do centro por colaborar na organización do acto e aos profesores do por deixar que saíran das clases antes da hora.



Aquí podemos observar o mural realizado pola clase de 2º da ESO D (Sabina, Alejandra, Pablo, Ainhoa e Bruno).



COUSAS DA VIDA

Ben, viaxes... hai tantas viaxes.

Viaxes boas, viaxes normais, viaxes regularciñas, viaxes malas e viaxes coa sogra.

Viaxes coa sogra: Malo, malo, malísimo. Cando a túa sogra che diga se ides de viaxe con ela malo. Unha viaxe coa sogra é do máis incómodo. Imaxinemos que vivimos en Vigo e queremos ir de viaxe a Madrid. Ao saír da casa xa se esquecerá de algo "Ai se non pechei o gas, aí se non pechei a porta, hai creo que me deixei o taper-ware con tortilla para a viaxe" hostias (e non as que daba o cura) vella, que pesada a ghicha.

Aos dous minutos de parar nunha gasolineira a señora étranlle ganas de mexar, claro non tiña ganas hai dous minutos, non, tiña que telas agora.

Cando, de camiño a Madrid, pasamos por pobos de monte xa está a vella dando a lata "Aiiii Manolo mira que árbores tan autóctonos de aquí, hai que baixar a velos" e respóndeslle " sogra, que son eucaliptos" e a vella respóndeches " pero os caramelos de eucalipto están moi bos", claro e hai que baixarse para que a tipa se poña a ver as merdas de eucaliptos que ten todos os días ao redor da súa casa.

Cando chegas a Madrid e vas a un museo, xa está a vella falando do que non sabe "Ahh, así que isto pintouno Goya eh, pois a ese coñecino eu... que guapo era, eu xa lle vía maneiras para iso de pintar" ,e dislle "Emm... sogra, Goya naceu en 1746, non puideches coñecelo" e a ghicha esta diche "Bueno, bueno, pero o veciño chámase Goya e tamén pinta" e respóndeslle "O veciño pinta casas, non cadros".

P.D.: Espero que ningunha sogra estea ofendida.

A droga... hai dous tipos de persoas que se drogan, uns que veñen e dinche "Hai que me morreu o can, hai que non lle queda gasolina ao coche, hai que onte enteireime de que o coche vai a diésel e agora está estropeado" buffff calade!.

Despois están os que sempre están contentos que lles dis "Imos ter que amputarte o brazo" e eles co seu optimismo "Que máis dá, se teño dous"... (ben, que non vos droguedes). Despois hai outras persoas, que parece que se drogan pero en realidade non, esas que sempre están pálidas, que parece que están mortos, que sempre están a facer o parvo... si sei o que estades a pensar pero non estou describindo a un

As nais sempre nos están a protexer das cousas malas, "Non tomes drogas, non vaías moi rápido co coche, non roubes coches, non tomes Fairy"... o que din todas as nais, ben todas menos a de Paquirrín que esa só lle di que adelgace e moi ben non o fai.

A crise tamén afecta á droga, posto que agora conceden menos tarxetas de crédito.

Din que non hai crise pero é mentira, porque ata cando vas ao banco atan o bolígrafo a unha cadea (e eses deixan cartos), pero o peor non é que o ate cunha cadea, o peor é que o vixilante que hai alí non está para o diñeiro senón para os bolígrafos, que credes, facede o a mago de coller o bolígrafo e xa veredes o que pasa.

Os virus... por culpa da xente que nos di polo messenger "Aiiiiii... mira a miña actualización do Facebook, que é moi cool e mega fashion" que no seu idioma cool sería, "Aiii mr a actu do FCB, q é XdXxDxxDXxDXDXDXDxDxDxDxDX", temos o ordenador cheo de virus, para protexerse contra os virus hai que facelo seguinte:

1. Poñer unha máscara e non estar con mexicanos (bueno ese é para o virus H1N1)
2. Descárgate un antivirus, (pode ser que ao descargalo de internet teña virus)
3. Cando apareza na pantalla descargar virus ou en inglés download virus mellor que non entredes.
4. Se entras en Google...¡¡Perigo!! Segundo a coñecida corporación Google o buscador Google está cheo de virus.
5. Se te infectas bótalle betadine e así pasa a ferida, se é un virus pásalle o antivirus (como terá virus non servirá de nada).
6. Se te baixas cousas do Emule, que non podes porque é ilegal, báixate o Ares que vai máis rápido.
7. Se encontras ao teu fillo unha carpeta que di: Frodo vs Dar Vaider xogando ao Fifa, son virus e porno, ademais que o teu fillo non sabe moito de Star Wars.

P.D.: Pode que o anterior non sirva de nada pero é mellor botarse unhas risas e ter o ordenador cheo de virus,(neste caso so terías o ordenador cheo de virus).


P.D. 2: Pode que Dar Vaider non se escriba así, e que Frodo e Dar Vaider prefiran o pro.

P.D. 3: Non todos os piratas son gays ou somalís.

Roi Bolás Posada 3º B

Bob Marley & The Wailers

Robert Nesta Marley, nacido en Nine Miles (Rhoden Hall, Saint Ann) unha pequena localidade ao norte da illa de Xamaica, era fillo de Cedella Booker, xamaicana de 18 anos e de Norval Marley, capitán do exército británico, de 50 anos, que se desentendeu do seu fillo, por medo a ser desherdado. A finais dos anos cincuenta, Bob trasladouse coa súa nai a Kingston, onde se criou, nos barrios baixos da cidade.



Máis tarde coñeceu a un amigo chamado Neville O'Riley Livingston, máis coñecido como Bunny, co que comezou a interesarse pola música, chegando a compondor e tocar algunhas cancións. Moi influenciados ambos polas emisoras do sur dos Estados Unidos, que conseguían captar coas súas radios, nas cales escoitaban cancións de diversos artistas da época. Bob conseguiu un emprego nunha fundición, e foi alternando o traballo coa música. Tanto Bob como Bunny recibiron a axuda musical de Joe Higgs, un cantante que gozara de certa fama

en Xamaica, e que agora se gañaba a vida impartindo clases de canto para principiantes. Nunha desas clases Bob e Bunny coñeceron a outro mozo chamado Peter McIntosh.

En 1962 Bob Marley participou nunha audición para un produtor musical chamado Leslie Kong que, impresionado, invitouno a un estudo para gravar algunhas cancións. Ao ano seguinte Bob decidiu que o mellor camiño para alcanzar o seu soño era mediante un grupo. Compartiu a súa idea con Bunny e Peter e os tres forman os "Wailing Wailers". O novo grupo gañou a simpatía do percusionista rastafari Alvin Patterson, que presentou aos rapaces a un produtor chamado Clement Dodd.

A mediados de 1963 Dodd viu aos Wailing Wailers e decidiu promocionar o grupo. Os Wailing Wailers lanzaron o seu primeiro single, "Simmer Down", a finais de 1963 e en xaneiro do ano seguinte a súa música xa era a máis escoitada en Xamaica. A formación orixinal do grupo estaba composta por Bob, Bunny, Peter, Junior Braithwaite e dúas coristas, Beverly Kelso e Cherry Smith.



Uns anos mais tarde Bob coñeceu a Rita Anderson e o 10 de febreiro de 1966 casaron. Neste mesmo ano Bob, Peter e Bunny forman unha nova banda, os míticos "The Wailers".

Os Wailers coñeceron entón un home que revolucionaría o seu traballo Le Perry. A asociación entre Perry e os Wailers trouxo consigo algúns dos éxitos máis notables da banda como "Soul Rebel", "Duppy Conqueror", "400 Years" e "Small Axe", clásicos do futuro reggae.

En 1970, Aston 'Family Man' Barrett e o seu irmán Carlton (baixo e batería, respectivamente) uniríanse aos Wailers.

O grupo arrasaba no Caribe, pero internacionalmente continuaban sendo descoñecidos.

Na primavera de 1972 os Wailers aterraron en Inglaterra para promocionar o single "Reggae on Broadway", pero non cultivaron demasiados éxitos. Á desesperada, Bob visitou os estudos de gravación de Island Records, que fora a primeira discográfica en interesarse pola música xamaicana. Ofrecéronse 4 mil libras para gravar un álbum cos últimos avances tecnolóxicos da industria musical, os mesmos dos que gozaban as bandas de rock da época. Ese primeiro álbum foi "Catch A Fire", fortemente promovido por Island.

Os Wailers tocaron en Londres en abril de 1973 e tres meses máis tarde o grupo volveu a Xamaica. Bunny, abandonou a banda antes da xira americana. No seu lugar entrou Joe Higgs, o vello profesor de música dos Wailers. Xa en Estados Unidos participaron nalgúns concertos de Bruce Springsteen.



En 1973 o grupo lanzou o seu segundo álbum, "Burnin'", un disco que incluía novas versións dalgunhas das súas cancións máis importantes. En 1974 Marley pasou gran parte do seu tempo no estudo traballando en "Natty Dread", un álbum que incluía cancións como "Non Woman Non Cry".

Ao ano seguinte, Peter deixou definitivamente o grupo para embarcarse na súa carreira en solitario, o que provocou que a banda comezase a ser coñecida como Bob Marley & The Wailers.

Bob Marley converteuse nun activo político en Xamaica, un músico xa consagrado e un auténtico propulsor da fe rastafari. Bob decidiu dar un concerto gratuíto no Parque dos Heroes Nacionais de Kingston, o 5 de decembro de 1976 cuxo propósito era promulgar a paz, xa que os gángsters estábanse facendo coas rúas. A mesma tarde do concerto, uns descoñecidos irromperon na casa de Bob e abriron fogo contra el, sen consecuencias afortunadamente, pero creando un gran balbordo e pánico nas rúas da capital xamaicana. Bob foi posto a salvo nun refuxio dos outeiros lindeiros con Kingston. Tras unha longa meditación, Bob decidiu subirse ao escenario para dar ese mítico concerto, aínda a expensas de que os que o atacaron puideran volver atentar contra a súa vida.

Tras acabar uns concertos en EEUU caeu gravemente enfermo. Tres anos antes, en Londres, feríase un dedo dun pé xogando ao fútbol. A ferida volveuse canceríxena e, a pesar de ser tratado en Miami, continuou reproducíndose. En 1980, o cancro comezou a propagarse polo seu corpo. Controlou a enfermidade durante oito meses, seguindo o tratamento na clínica do Dr. Joseph Issels, en Bavaria(Alemaña). O tratamento de Issels levantou moita polémica porque só usaba remedios naturais e non tóxicos e, por algún tempo, pareceu funcionar. A comezos de maio deixou Alemaña para volver a Xamaica, pero non completou a súa viaxe.

Bob Marley morría nun hospital de Miami o 11 de maio de 1981. Un mes antes, Marley fora condecorado coa Orde do Mérito de Xamaica, a terceira maior honra da nación, en recoñecemento da súa inestimable contribución á cultura do país. O 21 de maio de 1981, o honorable Robert Nesta Marley recibía un funeral oficial do pobo de Xamaica. Despois do funeral (ao que asistiu tanto o Primeiro Ministro como o líder da oposición) o corpo de Marley foi levado á súa terra natal, Nine Mile, no norte da illa, onde agora descansa nun mausoleo. Bob Marley morreu aos 36 anos, pero a súa lenda aínda permanece vivo

Samuel Costas Abalde 3º ESO B



CONCERTO DE SONDESEU: UN CONCERTO... DIFERENTE

Cando se fala dun concerto de música clásica, todos imaxinamos de inmediato un auditorio en silencio, músicos tocando con xesto serio... Tal vez por isto, SonDeSeu nos sorprendeu tanto. Este trimestre, o grupo veu ao instituto, e deron un concerto de música folc no salón de actos.

Os instrumentos tampouco eran correntes: violín céltico, harpa céltica, zanfona, requinta... xunto a outros máis comúns, pero non menos fermosos, como a gaita ou a pandeireta.

Foi unha experiencia extraordinaria, na que se sucederon moitas pezas musicais, divertidas, alegres e con moito ritmo, que case todos soubemos apreciar.

O certo é que, ademais de bos músicos, tamén foron bos mantendo a nosa atención, divertíndonos e implicándonos na súa actuación.

Unha das pezas máis graciosas foi a cantiga de cego "A filla de Bartolo" que narraba a historia dun home que, como dí o cantar "quixo empezar a brincar, e xa non deu

terminado".

Preto do final, algúns voluntarios puideron subir ao escenario, a tocar eles mesmos os instrumentos. Cada un dos alumnos puido escoller un instrumento, e os resultados foron bastante bos. Mentres tanto, o público acompañábaos coas palmas.

E, para rematar o concerto, mentres soaba a música, foron sacando á xente a bailar, ata que a maioría das cadeiras quedaron baleiras. De feito, a todos nos gustou tanto que, ao son de "outra, outra", os músicos remataron por repetir, e... aí sí que xa non quedou ninguén sentado.

O grupo tamén nos animou, cunha pequena presentación ao principio, a unírnos a eles na súa escola.

Pero coñezamos algo máis deste grupo: SonDeSeu é a primeira orquesta folc de Galicia. Naceu no Conservatorio de Música Tradicional da Escola de Artes de Vigo a partir do curso 2001-2002.

A orquesta está composta por un total de 35 músicos:

Harpas	Pandeiretas	Gaitas	Violíns
Director: Rodrigo Romani	Director: Javier Feijóo (Chisco)	Director: Xaquín Xesteira	Director Alfonso Franco
Xulio Abal	Xela Conde	Raquel Domínguez	Miguel R. Argibay
Alba Barreiro	Ana M ^a Domínguez	X. Carlos Pardo	Nuria Zunzunegui
Josefa Fernández	Sara Malvido	Xosé M. L. Sanromán	Alfonso Merino
Paula Oanes	Rosa Martínez	Ana Belén L. Villar	Begoña Riobó
Elena Paz	Gloria Pérez	Xurxo Antúñez *	Jose Varela
Lorena Reinaldo	Lourdes Queimadelos	Beatriz Riobó *	Héctor Rodríguez
Requintas	Zanfonas	Percusións	Máis Pandeireteiras
Director: Xosé Liz Fernando Pérez	Director: Anxo Pintos Iván Abal	Director: Xaquín Xesteira	Teresa Santamaría
Jaime Rebollo	Liliana Carro	Marilú Campos	Itziar Solar
Pilar Vieira	Iván Costa	Pablo Cés	Raquel Valcarce
	Ana Fariña	Eva González	Noelia Vázquez
	Paula García	Anxo Pardo	
	Teresa Gómez	Viqui Pérez	
	Paz Martínez	Sandra L. Villar	
	Víctor Soto		

Todos, tamén os que non nos visitaron nesta ocasión, son fantásticos profesionais, cuxa música está chea de enerxía e, por que non? de maxia. Información sobre os músicos extraída de: <http://www.sondeseu.org>



AS NOVAS TECNOLOXÍAS

Desde as últimas décadas houbo un grande avance nas novas tecnoloxías, sobre todo no ámbito dos ordenadores e da informática, pero as novas tecnoloxías non só están relacionadas coa informática, podémolas agrupar en tres grupos: informática, vídeo e telecomunicacións.

INFORMÁTICA

O grande salto da informática foi debido ao desenvolvemento dos microchips. O primeiro ordenador ocupaba toda unha sala, e hoxe unha calculadora é máis potente ca ese ordenador. Os avances e deseños na programación tamén adquiren grande importancia, a evolución de sistemas de intelixencia artificial e linguaxes de programación permiten un cambio importante nos planteamentos e deseño de programas.

VÍDEO

No campo da imaxe electrónica tamén se produciron avances espectaculares, sobre todo no que se refire á minituriatización de todos os aparatos relacionados con este sector.

En xeral, os principios avances foron:

- Substitución das televisións de tubo polas de pantalla plana.
- Tratamento dixital da imaxe
- Formatos de imaxe electrónica de alta

definición

Estes avances son xa unha realidade, actualmente as investigacións están dirixidas á creación dun sistema de imaxe electrónica.

TELECOMUNICACIÓNS

Os dous grandes desenvolvementos no campo da comunicación son os satélites e o cable de fibra óptica.

Os satélites están sendo utilizados dende hai tempo, mentres que os cables ópticos substitúen os cables metálicos e transmiten impulsos luminosos que aumentan a calidade da transmisión e reducen as perdas.

Daniel Rei Costas 3º ESO B



ALUMNAS DO IES BEADE PILOTAS DE MOTO-CROSS E VELOCIDADE

Neste curso que xa remata puidemos contar nos nosos pasillos coa presenza de dúas mozas un pouco peculiares, xa que se dedican a un deporte pouco practicado por alumnos do noso centro, un deporte liderado por homes como é o Motociclismo, quixemos saber máis sobre estas dúas rapazas e fun na súa procura, e isto é o que me contaron:

(Este ano contamos no noso instituto con dúas rapazas que teñen como afección as motos, aínda que non da mesma modalidade. Poderíamos dicir que nun primeiro momento non se coñecían de nada pero que entre ambas se entenden moi ben.)

Darémovos algúns datos para que as coñezades algo mais:

María Iglesias Covelo, esta moza cursa o 2º curso de Bach.

Yaiza Barreiro Figueroa, a cal cursa o 1º curso da ESO.

Qué ou quen é o responsable de que estes neste mundo relacionado coas motos? Porqué?

Y- O mozo da miña nai porque a él gústanlle moito as motos.

M- O meu pai porque el é piloto

Qué moto levades e cál e a vosa especialidade?

M - Unha KTM 85 para a especialidade de motocross

Y - Unha Metrakit 70 e a miña especialidade é velocidade

En cada especialidade danse momentos nos que cada piloto disfruta ó máximo pero, qué é o peor que levades?

M- As caídas e lesións, xa que soen ser dolorosas

Y- Estou de acordo coa miña compañeira, as caídas e o peor que se leva

Qué tal o ano pasado nas vosas especialidades?

Y- Ben, gustoume moito

M- Moi ben, fun por primeira vez a unha carreira e gustoume moito a experiencia

Este ano, cómo vos preparades para a nova tempada? Qué esperades dela?

M&Y- Adestrando e esperamos mellorar.

Onde e cando adestrades?

Y- Adestro en Porriño os fins de semana e algún día entre semana

M- Adestro preto do colexio, nun circuito privado ó lado do picadeiro, os fins de semana cando o meu pai mo permite.

Levades ben os estudos e os adestramentos?

Y- Si!

M- Lévanse...

Cómo os levades?

Y- Ben

M- Con calma xa que aínda estou algo convaleciente dunha lesión de xeonllo do último adestramento

Tendes algún palmarés (trofeos , podiums etc...) ?

Y- Quedei de 3ª en Forcarei

M- E eu quedei de 2ª en Portugal

Actualmente cál é a vosa meta?

M- Chegar ó Campionato Galego e facer algunha proba do mundial de rapazas

Y- Quedar de primeira nas carreiras



Competides no Campionato Galego?

Y- Si, eu compito e a verdade é que se leva bastante ben e o paso moi ben

M- Non, eu non teño esa sorte

Que relación tedes co resto dos pilotos?

Y- Lévome moi ben con todos

M- Cos que me levo teño moi boa relación

Admiras a alguén en especial?

Y- A Valentino Rossi

M- A Jonathan Barragán

Danse moitas rapazas como vos en Motocross/ velocidade?

M- No Galego soamente hai unha rapaza pero, por sorte, dentro do mundial hai categoría propia

Y- Na miña especialidade eu son a única

A xente apóiavos máis por ser rapazas?

M- A verdade é que moita xente anímame a seguir así

Y- A min igual, apóianme moito polo feito de ser moza

As túas amigas qué pensan da túa dedicación as motos?

Y- Gústalles moito, aínda que lles parece algo raro

M- As miñas amigas opinan o mesmo que as de

Yaiza, e hai algunha que lle gustaría aprender.

Qué sentides cando ides en moto?

Y- Séntese moita liberdade

M- Moi boa resposta! e eu tamén sinto

moita relaxación, todo o estres acumulado esfumase



Probaríades a moto da vosa compañeira?

Y- Eu si, pero non cambiaría a miña moto.

M- Estou de acordo con Yaiza

Xa rematando esta entrevista, tedes algunha experiencia persoal relacionada coas vosas competicións?

M- Cando fun a Portugal, había uns rapaces que se presionaban entre eles para

non deixarme gañar. Se eu quedaba por diante de algún deles deixariáanse de falar

Y- Unha vez ia de primeira nunha carreira e caín a causa da choiva. Foi unha situación moi frustrante xa que eu ia de primeira pero o rapaz que gañou regaloume o trofeo que recibiu

A quen vai dirixido este tríptico?

Vai dirixido a vós, **PAIS E NAIS**, que queredes o mellor para os vossos fillos e fillas e que sabedes que a mellor herdanza que lles podeades dar é unha boa educación.

Dirixímonos a VÓS...

porque o galego é a lingua propia de Galicia; pertence a todos e todas e non podemos xogar co seu futuro,

porque intereses políticos, que non educativos, crearon un problema no ensino arredor das dúas linguas oficiais da comunidade, que pode derivar nunha perigosa fractura social,

porque COMO DOCENTES pensamos que vos debemos ofrecer información rigorosa para que poidades decidir o mellor para os vossos fillos e fillas.

Que está pasando?

A situación actual é que o idioma que debería unirmos está sendo utilizado para separarnos nunha loita na que algunha xente busca a desaparición da nosa lingua do sistema educativo.

Neste contexto, e ante a enquisa que vai realizar a Xunta, pensamos que é necesario que os pais e nais lle fagan saber á Consellería de Educación algo que parece do máis lóxico: que queremos que os nosos fillos e fillas dominen as dúas linguas e que, por tanto, o galego sexa tamén lingua da aprendizaxe.

PROMOVE

g coordinadora galega
de equipos
de normalización e
dinamización lingüística

APOLIAN

anl Área de
Normalización
Lingüística
UNIVERSIDADE DE VIGO

Servizo de Normalización Lingüística
UNIVERSIDADE DA CORUÑA

escolas
gálicas
CNL

www.coordinadoraendi.org

as linguas NÓS

1. O galego necesita aprenderse na escola

En Galicia temos dúas linguas e o sistema educativo debe conseguir que se dominen as dúas.

A escola ten que garantir que os nenos/as saiban por igual galego e castelán. Hoxe en día, para moitos nenos/as a escola é o único lugar no que conviven co galego. Por iso, xa que o galego precisa espazos de uso, é fundamental que, cando menos, a metade das materias se impartan no noso idioma. Porque, todos estamos de acordo, **as linguas apréndense usándoas.**

2. Saber galego axuda a aprender

Os especialistas en adquisición de linguas (Cummins, I. Vila, C. Baker...) demostran nos seus estudos que é máis fácil aprender unha nova lingua partindo doutras. Canto máis temperá é a introdución de novas linguas mellor se consolidan.

Se un alumno aprende nunha lingua poderá transferir os coñecementos a calquera outra (se aprende matemáticas en galego, poderá utilizar os seus coñecementos matemáticos en calquera outra lingua).

Sabiades que...


... o alumnado galego ten mellor dominio do castelán que a media española?

O informe Pisa sinala que as comunidades con dúas linguas se sitúan por riba da media española en **competencia en lingua castelá.**

Existen estudos que demostran que en Galicia os resultados obtidos polo alumnado son mellores que os doutras comunidades autónomas

Gráfica 1: Competencia en lingua castelá e literatura


Sobrado Fernández, L.M. (dir.):
Avaliación da calidade e innovación dos centros educativos, 2008



... o alumnado galego ten mellor dominio do inglés que a media española?

Gráfica 2: Análise de rendemento escolar en lingua inglesa

Sobrado Fernández, L.M. (dir.):
Avaliación da calidade e innovación dos centros educativos, 2008



... o alumnado galego remata a secundaria máis capacitado que o doutras comunidades que teñen unha soa lingua?

Seis premios nacionais de bacharelato e formación profesional deste ano foron para o alumnado galego, alumnado que se formou estudando materias en lingua galega.

O coñecemento das linguas internacionais é necesario, pero nin dinamarqueses, nin holandeses, nin islandeses... deixan de lado a súa lingua propia a pesar de teren poucos falantes. Todas as culturas entenden a lingua como un patrimonio que hai que protexer e do que sentir-se orgullosos.

O galego é unha ponte para coñecer a lingua portuguesa e ábrenos as portas a un mercado próximo aos 300 millóns de persoas. Nun mundo fortemente competitivo onde os idiomas van ser básicos para abrirse camiño na vida, temos que ser conscientes todos nós de que non nos podemos permitir o luxo de desprezar ningunha das nosas potencialidades lingüísticas.



2º BACH A



2º BACH B



2º BACH C



2º BACH D

MERECE A PENA

Primeiro Premio relato curto no Certame Literario do Día das Letras Galegas 2009

Sonia escoitou o agudo pito do asubío e saltou. A auga estaba moi fría. Moveu os brazos con forza, tratando de competir contra o cronómetro. Os primeiros metros avanzou cos ollos pechados. Abriunos pouco a pouco, pero sen fixarse máis que no afastado bordo da piscina, como se o mero feito de observalo puidera facer que se achegara a ela antes que ás demais. Comezou a sentir cansazo, pero obrigouse a seguir. Puxera moitas esperanzas naquela competición; levaba todo o ano adestrando para ese momento. Precisaba gañar, ou os seus esforzos non servirían para nada. A auga filtrouse no interior das lentes de mergullo, e viuse obrigada a pechar os ollos. Por sorte, xa calculara a distancia que lle quedaba. Pronto rozou o bordo coa man. Mergullouse entón, e golpeou o muro cos pés, collendo impulso para dar a volta. Torceuse un pouco, pero finalmente conseguíuno. Braceou un pouco máis, e cando xa estaba case sen folgos, subiu á superficie. Agora sentía o peito ardendo. Preguntouse en que posición estaría. Pensou de novo nos adestramentos. Cría que adestrara o necesario, pero... ¿canto terían adestrado as outras? De seguro, máis ca ela.

Obrigouse a deixar de pensar niso, pero foi peor, posto que agora sentía máis forte a dor do seu peito. Quixo abrir os ollos para comprobar canto tempo faltaba para a meta, pero picábanlle demasiado.

Os brazos e o peito doíanlle demasiado; tivo que diminuír a velocidade, entre arquexos. Xa non sentía a friaxe da auga, senón unha inmensa calor no seu rostro.

Entón, xusto cando pensaba que non podería aguantar máis, sentiu o roce da súa man coa meta. Detívose, tras un último impulso, e quitou as lentes. Ao mirar cara atrás comprobou, con horror, que non quedaba ninguén na auga. Chegara a última.

A pesar de que tiña o rostro completamente mollado, os seus ollos avermellados delatárona: estaba chorando.

Saíu da piscina case sen darse conta, como unha autómatas. Non pronunciou unha soa palabra, nin no vestiario nin no coche, de volta á súa casa. Os seus pais tampouco dixerón nada. Tan só a súa irmá pequena, Laura, tratou de consolala, recordándolle que ela tamén quedara de última na categoría infantil, e que

non era para tanto. Sen embargo, estas palabras causaron o efecto contrario ao que a pequena desexaba:

—Pero ti perdiches porque non adestras, porque non te preocupas de nada, e porque non tes honor, nin orgullo nin vergonza! —berrou.

As bágoas asolagaron os ollos da pequena, e o seu pai freou bruscamente.

—Non volvas falarlle así á nena —dixo cunha voz estrañamente calma, que deixaba entrever o perigo. Sonia volveu a cabeza e non dixo nada.

Ao día seguinte remataban as clases. Cando soou o ansiado timbre, todos os alumnos saíron das clases, berrando e rindo, celebrando a súa recente adquirida liberdade. A única que non berraba nin corría era Sonia. Recolleu as súas cousas en silencio e saíu. As súas amigas xa se decatara do seu fracaso na competición de natación, pero por máis que trataron de consolala, ela non lles fixo caso. Ao final, resolveron ignorala ata que se lle pasara. Sonia sempre fora unha rapaza leda e optimista.


Pero tamén era moi tenaz.

Lonxe de resignarse, a súa mente traballaba incansable. Estaba segura de que non adestrara o suficiente, e por iso quedara de última. Pero tiña un longo verán por diante, e non o ía desaproveitar.

Ese mesmo día, meteu na súa bolsa unha toalla, as lentes de mergullo e o gorro, e saíu en bicicleta cara o polideportivo. Pasou dúas horas facendo largos, deténdose tan só en tres ocasións para beber un grollo do refresco que mercara na cafetaría. Ese día non había ninguén máis na piscina.

Esa noite apenas durmiu. O seu corpo acusaba o esforzo ao que estivera sometido.

Sen embargo, non se desanimou. Esa mesma mañá regresou ao polideportivo, esta vez armada cun cronómetro. Tras o adestramento, anotou coidadosamente os seus tempos. Repetiu este procedemento cada día ata que, un mes máis tarde, decidiu comprobar os seus



avances. Acomodouse na súa habitación, nerviosa e emocionada tremíanlle as mans. Colleu o caderno e comezou a abrillo, de vagar. Os seus dedos pareceron deslizarse por vontade propia, percorrendo as cifras alí anotadas. Ao primeiro, sorriu: os tempos baixaban a medida que transcorrían os días. Pero logo, un xesto de decepción acudiu ao seu rostro. Comprobou que as cifras volvían a aumentar. Non eran maiores que ao principio, pero eran as mesmas. Máis tempo, menos tempo... dependía do día, e non do adestramento. Cuestión de sorte... tal vez de azar. Pero ela odiaba os xogos de azar. Prefería a estratexia. Unha lágrima esvarou polo seu rostro. Lanzou o caderno ao chan, furiosa consigo mesma. Pechou os ollos e enleouse nunha violenta pelexa coa almofada. Pero os seus músculos arrastraban un cansazo tal que pronto desistiu, pensando con amargura que nin sequera era capaz de vencer unha almofada.

Un suave golpe na porta advertiu á rapaza de que a súa nai quería entrar. Non respondeu, incapaz de abrir tan sequera a boca. A porta abriuse sen facer ruído, e a súa nai entrou na habitación.

A rapaza sentiu a man da nai pousándose nas súas costas, e intuía a pregunta antes de oíla: <<Por que choras?>>.

Encolleuse aínda máis, desexando que a boa muller non se fixase no caderno tirado no chan. Pero a súa esperanza derrubouse ao escoitar o roce das páxinas. A súa nai comprendeu.

—Tomas a natación demasiado en serio —dixo docemente.

Sonia non respondeu.


—Xa verás como rematarás mellorando —continuou ela, impasible—. Só precisas ter paciencia.

Sonia arqueou as cellas nunha clara mostra de escepticismo, e continuou sen dicir nada.

—Sonia, se continúas así, prohibireiche ir ao polideportivo —Agora a voz da nai xa non era doce, senón seria—. Hai máis cousas na vida que a natación.

A mente da rapaza buscou a toda velocidade unha solución. E a única que parecía factible nese momento era a mentira.

—Está ben, non irei ao polideportivo, se ti queres. Esta vez foi a nai a que arqueou as cellas. Sen



embargo, Sonia seguía boca abaixo, e non a viu. A muller suspirou. Polo momento, contentaríase coa vaga promesa da filla.

Mentres tanto, a pequena Laura escoitaba, pegada á porta. En canto a nai saíu da habitación, a nena entrou.

—¿Pensas facer iso de verdade? —preguntoulle á súa irmá.

—¿E a ti que che importa, se sempre pasas de todo? —replicou Sonia, cabreada, lanzándolle un boneco. A nena esquivouno con axilidade, pero o seu xesto de desgusto non pasou desapercibido, e Sonia continuou amolándoa:

—Eu, polo menos, cheguei preto das outras. Pero ti tardaches moito máis. Ata as da categoría anterior foron máis rápidas ca ti. Deberías estar avergonzada. Deberías adestrar como fago eu. Aínda que non dea resultados!

Laura botou a chorar e saíu da habitación.

A mente humana é un misterio. Moitas veces, dúas mentes semellantes toman direccións opostas ante un mesmo problema. Outras veces, sen embargo, son as mentes completamente opostas as que toman unha decisión idéntica. Isto último foi o que sucedeu no caso de Laura e Sonia. Mentres a pequena pensaba nas ferintes palabras da maior, Sonia matínaba no modo de lograr un mellor adestramento. E ambas chegaron á mesma idea: a praia.


Sonia “prometera” non ir ao polideportivo, mentres que Laura era demasiado pequena para ir pola súa conta.

Á mañá seguinte, o ceo estaba anubrado por completo, e sopraba un vento forte e frío. Sonia e Laura, cada unha pola súa banda, prepararon as súas bolsas. Laura saíu a primeira.

A casa estaba situada preto da costa. Un camiño empinado levaba ao acantilado, do cal descendía un sendeiro escarpado que adoitaban empregar os pescadores. Laura subiu cara o acantilado, e logo descendeu polo sendeiro. A dous metros e medio da auga, aproximadamente, alzábase unha gran rocha plana. A nena colocou alí a súa toalla e quitou a roupa. Do ceo grisáceo comezaron a caer unhas pequenas pingas de auga que, ao contacto coa súa cálida pel, semellaban punzantes como agullas de xeo. Estremeceuse.

Mirou cara abaixo: a altura era increíble. Sentiu





medo. Sonia saíu da casa cun destino ben claro: o acantilado. A zona tiña fama de perigosa, polas xigantescas ondas que se formaban co vento, pero iso non a arredaba. Ao contrario, díciase a si mesma que, se podía nadar alí, podería nadar en calquera piscina.

Laura estivo a punto de dar media volta e regresar á casa, pero o recordo das ferintes palabras da súa irmá impedíronllo. Mirou o ceo: apenas chovía, e o vento non era moi forte. O mar estaba en calma.

Sonia chegou á cima do acantilado e mirou abaixo. Na rocha plana había alguén. Unha toalla azul estaba estendida, e o seu propietario asomábase, mirando ao mar.

<<Xenial, teño compañía>>, pensou a rapaza. Sen dubidalo, comezou a baixar. Quen estivese alí, tería que marchar se non quería vela, porque ela non pensaba renunciar aos seus plans. Volveu mirar ao misterioso —e temerario— personaxe. Parecía unha nena. Estaba a piques de berrarlle para preguntarlle o seu nome, cando...

Saltou. Lanzouse ao vacío, de cabeza. E, case sen darse conta, sentiu o forte impacto da auga, e do frío. Impulsose cara arriba con forza e saíu á superficie. Tremía, pero en canto o seu corpo se adaptou á temperatura, comezou a nadar.

Pestanexou, pensando que serían imaxinacións súas, pero cando abriu de novo os ollos, todo seguía igual: a misteriosa nena saltara. E non só iso: estaba nadando.

A medida que descendía polo acantilado, foise levantando unha brisa leve. Apartou, molesta, o cabelo que se lle metía nos ollos. Finalmente, chegou ata a rocha. E caelle o mundo enriba ao recoñecer a toalla. Comprende axiña quen era a nena que nadaba metros máis abaixo. A chuvia caeu con máis forza. Quitou rapidamente o chándal, quedando exposta á auga, cuberta soamente polo traxe de baño. O vento aumentou de intensidade, e o mar comezou a encrespase.

Laura tivo que mergullarse rapidamente para evitar ser esmagada por unha onda de considerable tamaño. Cando volveu a emerxer, decidiu rapidamente que xa nadara suficiente, e tratou de avanzar cara á beira. Sen embargo, outra onda máis grande aínda fíxoa desistir do seu empeño.

Sonia decatouse dos problemas da súa irmá. E soubo tamén, con dolorosa certeza, que ela era a culpable. Se non lle dixera aquelas ferintes palabras, agora ela non estaría alí abaixo, a piques

de afogar.

O vento era agora moi forte, e as ondas cada vez máis grandes.

Sonia non o dubidou máis. Deu un gran salto, lanzouse tras da súa irmá.

Laura sentía cada vez máis frío. Unha nova onda cubriuna, empurrándoa cara o fondo. Tragou auga mentres patexaba, desesperada por volver a subir. Conseguiu a duras penas. Tusiou, movendo desesperadamente os brazos. Pareceulle sentir un mergullo preto dela, pero unha nova onda impediulle comprobar se era real.


Sonia nadou con todas as súas forzas. Nadou, desesperada, tratando de alcanzar á pequena que se debatía uns metros máis alá. Cando unha onda cubriu a Laura, pegou un berro e redobrou a velocidade. Aliviada, viuna emerxer un pouco máis alá. Unhas brazadas máis, e alcanzábaa...

De novo estaba baixo a auga. A onda rompeu xusto alí, e Laura deu dúas voltas sobre si mesma. Tragou máis auga. Tratou de respirar, desesperadamente. Estaba a piques de perder o sentido cando...

Agarrouna con forza e sacouna á superficie. Laura aferrouse a ela, case sen folgos, tusindo. Sonia nadou entón en dirección contraria, desexosa de saír da auga. Agora era máis difícil, pois contaba cun só brazo. Unha onda golpeouna no rostro, con forza, pero ela pechou firmemente os ollos e a boca e continuou adiante. Estaban a piques de chegar á pequena cala que se abría baixo o acantilado. Subitamente, apareceu unha onda aínda máis grande cas anteriores. Sonia afrouxara un pouco a Laura para deixala respirar, e non tivo tempo de reaccionar. A onda abateuse sobre elas, separándoas. O último que Sonia viu antes de verse arrastrada ao fondo, foi o fráxil corpo da pequena Laura, flotando sobre a onda, para logo ir a parar á praia. Logo viuse somerxida nun remuíño de burbullas e area. Non puido respirar, e sentiu a auga anegando os seus pulmóns. Pareceulle entrever unha rocha, ou tal vez fose unha alga, e sentiu un forte golpe na perna, seguido dunha dor insoportable... Acto seguido perdeu o coñecemento. Cando abriu os ollos, o cheiro a desinfectante, indicoulle que se atopaba no hospital.

Só entón se decatou de que a súa irmá estaba de pé xunto a ela, coa man pousada na súa. En canto viu que Sonia abría os ollos, abrazouna con forza.

—Crin que xa non esperarías! —berrou—. Mamá e papá acaban de baixar a mercar algo de beber.



—Que pasou? —murmurou. Sentía a gorxa seca, pero necesitaba sabelo.

—Salváchesme. Vin como te afundías na zona das rochas. Trouxera o móbil comigo, así que chamei ás urxencias, e axiña chegou unha ambulancia —de pronto o seu rostro ensombreceuse—. Estás fóra de perigo, pero... non poderás volver a nadar —dixo finalmente. Sonia estivo a piques de berrar, de chorar...

pero non fixo nada diso. Simplemente, apertou a man da súa irmá, e susurrou:

—Por salvarte, merece a pena iso e moito máis. Nese momento, os pais abriron a porta en silencio, e atoparon ás dúas rapazas fundidas nun abrazo cheo de infinito cariño. E non se atreveron a molestalas.

María García González, 2º Eso D


VELADA LITERARIO- MUSICAL

O día sete de maio e como actividade do Proxecto lector do centro, celebramos esta velada en homenaxe aos libros, á literatura e tamén á música xa que, a pesar de seren linguaxes diferentes, ao longo dos séculos gozaron dunha unión máxica que nos axudaron a ver o lado máis festivo da vida.

Deleitáronnos coa súa interpretación instrumental e coa excelente lectura de textos literarios alumnos de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO, e 1º de BAC e profesores do centro. A música foi representativa de diferentes épocas e estilos en consonancia cos textos elixidos e lidos en varios idiomas (galego, castelán, francés, inglés e latín).

Os artistas recibiron moreas de aplausos e parabéns dun público moi entregado que disfrutou moito con eles.

Esperamos seguir contado con todos para o próximo curso.



A RIBEIRA SACRA

A Ribeira Sacra é unha zona que comprende as ribeiras do río Sil e do Miño, na zona sur da provincia de Lugo e norte da provincia de Ourense; a capital da cal acordouse que fora a cidade lucense de Monforte de Lemos.

Características

O nome de Ribeira Sacra probablemente vén da Idade Media, e nun principio pensouse que a denominación procedía do latín Rivoira Sacrata, e que podería ter a súa orixe na gran cantidade de mosteiros e templos que se construíran nos canóns e escarpadas abas típicas da comarca. Actualmente pódense visitar 18 mosteiros, entre os que cabe destacar:

San Vicente do Pino, actual parador de turismo, en Monforte de Lemos.

San Estevo de Ribas de Sil, recentemente convertido tamén en parador, en Nogueira de Ramuín.

San Pedro de Bembibre

Taboada dos Freires

San Paio de Diomondi

Santo Estevo de Ribas de Miño

Santa María de Pesqueiras

Santa María de Montederramo

San Pedro de Rocas

Santa María de Ferreira de Pantón

San Paio de Abeleda

Santa Cristina de Ribas de Sil

A Ribeira Sacra é especialmente coñecida polos seus tesouros naturais e biolóxicos, constituíndo un vastísimo ecosistema de gran variedade e riqueza. Son salientables os Canóns do Sil pola súa espectacular paisaxe. Esta é unha zona na que o río discorre encaixonado a través de paisaxes e montañas dunha gran beleza; os canóns dispoñen de miradores habilitados para admirar a súa impactante monumentalidade, así como de un catamarán aberto ao público que transita os canóns dun lado ao outro.

Ribeira Sacra, como denominación de orixe, é tamén coñecida pola calidade dos seus viños, que popularmente se coñecen na zona co nome xenérico de Mencía, debido a que son elaborados principalmente coa uva mencía, aínda que tamén se usa a uva Godello. As viñas, que se poden contemplar seguindo o curso do río, están dispostas nun sistema de chanzos de pedra, chamados socialcos, ao longo da ribeira, e datan da época romana.

Os romanos xa tiñan en grande aprecio estes caldos, que son afroitados e de gran presenza, ideais para tomar con

carnes, e hai unha lenda que di que unha das variantes deste viño, o Amandi (procedente da zona do mesmo nome), facíasele traer ao César desde a Gallaecia romanizada.


Investigacións sobre a orixe do Nome

O primeiro testemuño escrito que temos do topónimo é o documento fundacional do Mosteiro de Santa María de Montederramo, outorgado en Allariz, o 21 de Agosto de 1124 por dona Teresa de Portugal. A nomenclatura popularízase co gallo da publicación, tradución e comentario do devandito documento polo historiador Fray Antonio de Yepes, que sinalou que o documento facía referencia á zona coma "Rivoira Sacra", traducindo coma "Ribeira Sacra", en referencia á gran cantidade de mosteiros existentes na zona.

O historiador Manuel Vidán Torreira poría en dúbida esta tradución en 1987, coa publicación dunha serie de artigos en "La voz de Galicia" e un traballo titulado "El roble sagrado de la Rivoira Sacrata". Vidán deriva "riboira/reboira/reboiro", e conclúe que Rivoira respondería denantes a "Roble" (Carballo) que a "Ribeira". Porén, esta tese adquiriría máis relevancia grazas a outro historiador, Torquato de Souza Soares, quen, sometendo a estudo crítico o documento fundacional e publicándoo en facsímil, atopa un error na transcripción de Fray Antonio de Yepes, e sinala que no documento pódese ler claramente "Rovoyra" e non "Riboira"; o que o aparta de "Ribera" e podería ter o significado de Carballeira ("Robledal"), do latín "Rubus". Vidán xa nos pon co seu traballo en sintonía coa obra de James Frazer "A ponla dourada", onde se recollen as tradicións Celtas en torno ao carballo, árbore que tiñan por sagrada e gardiá do espírito da tribo, sendo as fragas de Carballos lugares obxecto de veneración. Vidán tamén se refire ao propio topónimo de Montederramo como unha probable alusión ao Visgo recollido polos druidas, para reforzar a visión da orixe deste topónimo antes como "Carballeira Sagrada" que como a xa establecida popular e turisticamente de (Ribeira Sacra).

Canón do Sil

Os Canóns do río Sil son unhas das paraxes máis impresionantes que se poden visitar na xeografía galega. Están situados preto da unión entre o río Sil, e o río Miño, na zona da Ribeira Sacra.



Está cortado por numerosos encoros, que fornecen de auga e electricidade a boa parte da poboación galega, e dos arredores. Esta área natural abrangue os concellos de Pantón, Sober, Nogueira de Ramuín e Parada do Sil, cunha superficie de 5.914 hectáreas.

Ten impresionantes contrastes, entre grandes pedras e auga, vexetación e auga, xogos de reflexos. Todo un espectáculo para a vista. As pedras semellan xigantes, reis, toman formas diversas, que a xente xoga a descubrir no transcurso dos paseos que se poden facer en caramarán, que é a mellor maneira de apreciar os seus desniveis, de máis de 500 m nalgúns puntos, e con pendentes de máis de 50°, ás veces case verticais. A experiencia nunca estaría completa se non se mira tamén dende enriba, que amosa un mundo diferente, cunha grandiosidade loable.

Así pois, é un dos lugares máis importantes tanto paisaxisticamente, como vitivinicolamente. Nas ladeiras destes montes, e nos arredores, atópase a D.O. Ribeira Sacra, que tamén forma un espectáculo coas viñas nas abas, chegando ata a auga.


Espazo natural característico

Pola súa parte, o seu clima experimenta tamén importantes variacións, mostrando a súa condición mediterránea-húmida nas ladeiras de solaina ou atlántica-superhúmida nas partes máis ensombrecidas, como nas súas veigas e bosques ribeiríos.

As ladeiras da marxe dereita énchense orientadas ó mediodía, polo que están en boa parte aproveitadas para o cultivo da vide ensocalcos. Os bosques climáticos están maioritariamente compostos de onfalodes, érbedos, uces brancas, e piornos. Abundan tamén árbores tipicamente ripícolas e propias deste clima como os bidueiro, os castiñeiros e as abeleiras.

As especies piscícolas das augas do Sil son predominantemente tres: a troita, o escalo e o picón. Existe tamén en canto á fauna unha amplísima variedade de réptiles e anfíbios, destacando a ra patilonga, a píntega, a cobra de colar e a lagarta brava. O número e a variedade de aves é aínda máis interesante, sobresaíndo algunhas coma o corvo mariño grande, ou numerosas aves de rapina como a aguia caudal, a aguia cobreira, o miñato abelleiro ou o falñcón peregrino. Así mesmo, atópanse na zona tódalas variedades de papuxa existentes na Galiza.

Mamíferos como o morcego de orellas partidas, a xeneta ou o gato montés constitúen pola súa parte un



importante aliciente para a conservación e visita desta magnífica contorna natural.

Un espazo natural único

A particular orografía deste espazo natural de máis de 16.000 has. resulta do forte desnivel entre as augas do Sil nos Peares (109m.) e a altura máxima da Pena do Xastre (1.014m.). En canto a súa xeoloxía, o Canón do Sil ten unha orixe meramente tectónica e non fluvial. No cuaternario, ó començar o basculamento da peniplanicie, producíronse fracturas que quebraron o terreo en bloques xigantescos, formando así o cauce polo que flúe o río Sil.

A estas características hai que engadirlle a transformación da paisaxe levada a cabo pola man do home mediante o cultivo da vide en socalcos e a construción de grandes encoros como o de Santo Estevo ou San Pedro. Desta maneira, o mosaico natural e paisaxístico que resulta desta serie de singulares características é único e irrepetible en toda Galiza.

Un número case ilimitado de rutas naturais

O número de posibles itinerarios é enormemente amplo, se non case ilimitado. Dende Os Peares recoméndase percorre-la marxe esquerda do Sil, desviándose para toma-lo chamado Camiño da Barca, que leva por medio de densos bosques de castiñeiros cara o mosteiro de Santo Estevo. Unha vez alí, é un momento ideal para encontrar os seus muíños e baixar dende o mosteiro ata a marxe do Sil onde estaba o antigo embarcadero que o comunicaba con outros mosteiros da 'Rivoyra Sacrata'. Outra posibilidade é ir de Santo Estevo a Paradela, volvendo por Cerdeiriñas, polo camiño coñecido como "carreiro da amargura".

O itinerario máis completo (22 km.) é o que une pola ribeira esquerda do Sil os mosteiros de Santo Estevo e Santa Cristina. Este trazado unía antigamente Santo Estevo con Astorga e foi durante a Idade Media a principal liña de comunicación fluvial entre os mosteiros da "Rivoyra Sacrata", hoxe realizada polo catamarán. Este percorrido pasa por excelentes miradores naturais sobre o maxestuoso Canón do Sil, tales como os de Alberguería, Cerreda, Vilouxe e O Coutiño, ata chegar á pequena península cuberta de castiñeiros onde se encontra o mosteiro de Santa Cristina.

Jorge Toucedo Iglesias 3º ESO B



BARCELONA

Hai cousa dun par de meses, por finais de marzo, a metade dos alumnos de cuarto da ESO tivemos o noso gran momento. Esa excursión pola que agardas dende o primeiro día que pos o pé no instituto. Eses días nos que non te separarás dos teus amigos nin un minuto, no que lonxe da túa casa e dos teus familiares, formas outra gran unión, unha unión que recordarás polo resto da túa vida, as parvadas que dicimos, os monumentos que vimos, as leas nas que nos metemos, as amizades que fixemos... Este ano, Barcelona foi o lugar escollido para a visita, non era un paraíso exótico nin unha cidade cunha magnitude coma Londres, París ou Roma, mais así, Barcelona é a capital española da arte. Despois da dura viaxe, despois desas dezaseis matadoras horas de viaxe, de todas esas paradas no medio da noite, das aparicións duns portugueses que querían que nos unísemos á súa festa, chegamos a Salou, e nada máis deixar as maletas nas (cutres) habitacións, todos nos dividimos para explorar toda a zona. Parque, praia e recreativos, Salou, zona turística, resúmese en pouco máis. Primeira noite todos xuntos, primeira noite de cinco nas que uns cantos non pegamos ollo, a partir de aí asumimos que mellor que intentar durmir, era buscar algo que facer. De mañá cedo erguémonos para ir visitar Barcelona. Si, iso si que era una cidade coma debe ser, parques peonais, prazas, centros comerciais, tendas a esgalla, arte en cada edificio, construcións, estatuas e rúas, á dereita, algo interesante que ver, á esquerda, algo interesante que ver. Cada centímetro cadrado de Barcelona merecía a pena. Dende o a inmensidade do Camp Nou ata o inesperado e diminuto acuario, o primeiro día estivo completo. Sagrada Familia, Ramblas, Mon Juit, Marmagnum, Barrio Gótico, Parc Güel... cansazo, esa é a palabra que mellor nos definía ao final do día, dun lado a outro, autobús aquí autobús alá, a pé a un sitio e a pé a outro, explicación por aquí, explicación por alá.

Mesmo así, non podíamos deixar de ir ao noso, de aproveitar cada momento para falar e facer parvadas, para sacar as cámara e tomar duascenas fotografías nun minuto. Pueblo Español, cidade de Tarragona, museo da casa de Carlos V, museo de arte contemporánea, muralla de Tarragona (dentro da cal nos perdemos...) coliseos, e parques. Tarde enteira para ir de tendas, xente que non nos quería falar en castelán, comidas en McDonals que deixaban o sabor do que nos daban no hotel á calidade de ratas e volta de novo ao hotel. Último día alí. Port Aventura. Día chuvioso, frío, triste. Mentira. De triste nada, os nosos veciños do hotel, de Ávila, viñeron con nós ao parque e ás atraccións. Xa de entrada o Furius Bacon estaba fora de servizo, as colas dunha duración incalculable ata para o reloxo, a chuvias intermitentes e os estafadores dos postos parecía que nos ían amargar a festa, pero nin así, o Furius volveu estar en funcionamento, e todo se animou de novo, Dragon Khan, Caída Libre, Estampida... todas as atraccións nas que nos deu tempo a montar, e todas as tendas que puidemos visitar. Port Aventura fantástico. Sen embargo no autobús comezáronse a notar os efectos da chuvia, tose, esbirros, febre, dor de gorxa... chegada ao hotel. Cea e votación. Última noite, para os que estabamos ao 100% discoteca Snoopy's Salou, festa ata as tres. Volta e a facer as maletas. Pola mañá cedo, coa equipaxe xa na entrada, despois das despedidas dos nosos novos amigos de Ávila subimos ao autobús e encamiñámonos de volta a casa. Choros, lamentos, nostalxia e tristeza xunto co cansazo inundaban o autobús. Todos o sabiamos, era a fin desa nosa pequena aventura xuntos. Á chegada a Beade, máis tristeza aínda nas despedidas. Esperábanos unha semana santa chea de recordos...

Ángel Edelmiro Rey Rodríguez 4º ESO B



LEONARDO DA VINCI

Na clase de 1ºD en tutoría estamos a facer un traballo sobre Leonardo Da Vinci, nel estamos a ler un libro onde narran os feitos que aconteceron ao longo da súa vida .

Con cada capítulo do libro estamos facendo un resumo e buscando información sobre as diversas palabras que o noso titor nos está a mandar buscando tamén as súas respectivas fotos. Leonardo Da Vinci foi un artista renacentista que naceu en Anchiano , pasou a maior parte da súa vida vivindo en Milán.

Traballou con moitísimos reis de Francia ,con monxes, traballou tamén co seu inimigo Miguel Angel , e con moitísimos máis.

Aínda que Leonardo era moi bo no seu traballo , case nunca terminaba os encargos que lle mandaban .Estudou e fixo moitas teorías sobre anatomía , astronomía , máquinas de guerra , e moitísimas bocetos sobre homes rans , artiluxios voadores , muíños e pontes desplegadas .

Mini Dicionario

Renacemento : foi o período histórico que abrangue os séculos XV e XVI . A primeira parte , a que corresponde ao século XV e XVI recibe o nome de Quattrocento e se centrou na cidade de Florencia ,e a segunda , a do século XVI , chamada Cinquecento , tivo o seu centro en Roma.

Os Medici : son persoas que axudaron , principalmente co diñeiro , aos artistas. En xeral son individuos poderosos , dunha boa posición económica e amantes do arte.

Astronomía : é a ciencia que estuda os astros , é dicir , os corpos celestes que poblan o universo,

como as estrelas , os planetas e os satélites .

Cartografía : é unha palabra con dous significados . Por unha parte significa debuxos nos mapas e por outra , a ciencia que estuda eses mapas .

Os cometas : non estamos a falar dun xoguete que grazas ao rendemento voe amarrado a un fío, sería demasiado sinxelo , refirímonos ao corpo celeste co mesmo nome .

A peste : é unha enfermidade moi contagiosa e mortal que provoca un gran número de vítimas.

Os pioneiros : son persoas que exploran novas terras , como os exploradores españois e portugueses que percorreron o continente americano despois de Cristovo Colón o descubriše .


Pintar ao fresco : é o primeiro paso para pintar coa técnica do fresco e extenderse , sobre a superficie onde se raia a taballada unha capa de estuco .O estuco é unha pasta que se

fabrica mesturando auga , xeso e cola .

Xeoloxía : moita xente pensa que a xeoloxía é unha ciencia que estuda as pedras, pero en realidade é moitos máis ca iso .

Fósil : un fósil pode ser calquera resto antigo de animal ou de vexetal que quedou sepultado despois de morrer.

Judit Davila, Paula Lama, Andrea Guedella, Brais Abalde, Noelia Rodríguez e Alba Ramírez. 1º ESOD



ENTREVISTA A LEONARDO DA VINCI

Leonardo da Vinci é un dos maiores xenios da súa época; destacando nas artes e nas ciencias . É inventor, artista ,escultor ...

Recibíunos na súa residencia nas aforas de París; preto do castelo de Cloux; no que vive dende hai uns anos cos seus aprendices Salai e ... por suposto coa súa fermosa obra a Gioconda.

Bos días Leonardo, imos aló:

P-Onde naciches?

R-Nacín no pobo de Anchiano.

P-Con quen vivías?

R-Vivía co meu pai e meus avós.

P-Que che gustaba de pequeno?

R- Fascinábame o río.

P- Tiñas mascotas?

R-Non, pero eu quería un porco.

P-Ata cando estiveches en Anchiano?

R- Ata que meu pai decidiu mandarme a Florencia a una escola de arte.

P- Que che pareceu Florencia?


R-Pareceume distinta, totalmenta distinta a Anchiano.

P-Quen foi o teu profesor no taller?

R- Foi Andrea Verrochio.

P-Gustábache traballar con el?

R-Si, levabamosnos ben. A nel gustáballe o meu traballo.



Despois dos teus estudos que fixeches?



R-Montei o meu propio taller. Alí coñecín a Salai,o meu mellor alumno,do que non me

separo nunca.

P-Que fixeches despois?

R- Traballei para Ludovico Sforza.

P- Que facías para el?

R- Traballaba de inxeniero militar e organizaba espectáculos.

P-Os teus coñecementos xa eran moi elevados, pero, ti seguiches estudando?

R-Si, aínda agora me interesan todas as materias.

P- Cal era a que máis che interesaba?

R- A anatomía humana.

P-Non era moi noxento traballar nas investigación?

R- Foime difícil estudar nas condicións que tiña pero non era nada noxento.

P-Ademais da anatomía tamén se che dá ben a pintura, non si?

R-Si, é certo pero xa me uburrin de debuxar cadro tras cadro.

P-Falando de cadros,cal é o teu favorito?

R- A Gioconda.

P-Quen é ela?

R-Mmm... era a miña amante secreta.

Moitas grazas Leonardo por concedernos esta entrevista.

Grazas a vós, ata logo.

RAFTING



MAGOSTO



CÍES



TRILINGÜISMO POLÉMICO !!

YO LESCOGÍ HA MI IJO
INGLÉS Y CASTEYANO,
Y ME VIENE
ABLANDO EN
GALEGO!

DÉJATE YA
DEL "CAN", SE
DICE "PERRO",
"PE - RRO"!!

BUT
MUMMY...!

YES, WE
CAN

GONZALO



1

RAMÓN PIÑEIRO,
DÍA DAS LETRAS 2009
GALEGUISTA, EDITOR E ENSAÍSTA



Día das Letras Galegas 2009
Ramón Piñeiro

GRIAL
EDITORIAL GALAXIA

Ante a evidencia de que era inviable a actividade política durante o Franquismo un grupo de galeguistas decide pasar á acción e fundar unha editorial como medio legal para manter viva a memoria e dar prestixio á lingua galega.

O seu compromiso con Galicia levouno ao cárcere. Ramón Piñeiro é o primeiro empinando pola esquerda.

As obras de Piñeiro son:
Significado metafísico da saudade (1951)
A saudade en Rosalía (1952)
Para unha filosofía da saudade (1953)
A filosofía e o home (1955)
A linguaxe e as linguas (1967) o seu discurso de entrada na Real Academia Galega
Olladas no futuro (1974) libro onde se recollen algúns dos seus principais textos e artigos.

Coa chegada da Democracia había que recuperar o tempo perdido. Traballará para que Galicia obtena o dereito a gobernar as súas necesidades desde o seu propio Parlamento

A súa dedicación á Editorial Galaxia deixoulle pouco tempo para a investigación. Nos seus ensaios reflexionou sobre a Saudade e o lirismo para el aspectos que explican a forma de ser galega.

Este é o primeiro dos 15 cartaces premiados pola Secretaría Xeral de Política Lingüística ao mellor traballo de divulgación da obra, vida e pensamento de Ramón Piñeiro. Todos eles foron distribuídos polos institutos de Secundaria de Galicia, Escolas e Conservatorios de música así como Centros Culturais e Universidades extranxeiras onde se imparte lectorado de Lingua Galega. A todos estes lugares chegou o nome do noso Instituto. É, desde logo, motivo de orgullo e prestixio para toda a comunidade de profesionais que traballamos no Instituto de Beade.